

**III. OUTRAS DISPOSICIÓNS****CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA**

*ORDE do 3 de agosto de 2017 pola que se amplía a relación de materias de libre configuración autonómica de elección para os centros docentes na etapa de educación secundaria obrigatoria, e se regula o seu currículo e a súa oferta.*

O Decreto 86/2015, do 25 de xuño, polo que se establece o currículo da educación secundaria obrigatoria e do bacharelato na Comunidade Autónoma de Galicia, tanto no artigo 13.3 e 13.4 como nos artigos 30.5, 30.6, 31.5 e 31.6, establece a posibilidade de que a consellería con competencias en materia de educación poida ofrecer materias de libre configuración autonómica elixibles polos centros docentes no horario establecido de libre configuración.

En virtude da citada habilitación normativa ditáronse, respectivamente, a Orde do 15 de xullo de 2015 pola que se establece a relación de materias de libre configuración autonómica de elección para os centros docentes nas etapas de educación secundaria obrigatoria e bacharelato, e se regula o seu currículo e a súa oferta, e a Orde do 13 de xullo de 2016 pola que se amplía a relación de materias de libre configuración autonómica de elección para os centros docentes nas etapas de educación secundaria obrigatoria e bacharelato, e se regula o seu currículo e a súa oferta.

Co obxecto de seguir incrementando as opcións de elección dos centros docentes, dentro do seu marco de autonomía, e do seu alumnado, amplíase o número de materias de libre configuración autonómica, de xeito que se adecuen aos proxectos educativos dos centros docentes ao tempo que se desenvolven as competencias clave e os elementos transversais.

En consecuencia, de conformidade co exposto e no uso da habilitación normativa que figura na disposición derradeira segunda do Decreto 86/2015, do 25 de xuño, como conse lleiro de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria,

**ACORDO:****Artigo 1. Obxecto e ámbito de aplicación**

1. Esta orde ten por obxecto ampliar a relación de materias de libre configuración autonómica propostas pola Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria



e elixibles polos centros docentes dentro do horario de libre configuración en educación secundaria obrigatoria, así como regular o seu currículo e a súa oferta.

2. Esta orde será de aplicación en todos os centros docentes dependentes da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria que impartan as ensinanzas mencionadas.

*Artigo 2. Novas materias de libre configuración autonómica elixibles*

1. Os centros docentes, ademais das materias establecidas na Orde do 15 de xullo de 2015 pola que se establece a relación de materias de libre configuración autonómica de elección para os centros docentes nas etapas de educación secundaria obrigatoria e bacharelato, e se regula o seu currículo e a súa oferta, e na Orde do 13 de xullo de 2016 pola que se amplía a relación de materias de libre configuración autonómica de elección para os centros docentes nas etapas de educación secundaria obrigatoria e bacharelato, e se regula o seu currículo e a súa oferta, poderán ofrecer, en función da dispoñibilidade dos recursos e da organización do centro, as seguintes materias: Identidade Dixital, Consumo Responsable, Valores Democráticos Europeos e Mobilidade Escolar Sostible e Segura.

2. As materias poderán ofrecerse en primeiro e/ou segundo curso de educación secundaria obrigatoria. O alumnado poderá cursala nun dos cursos segundo a oferta establecida polo centro docente. De acordo co establecido no artigo 3.2 da Orde do 15 de xullo de 2015, esta materia terá unha carga horaria dun período lectivo semanal.

3. Os requisitos para a oferta das materias polos centros docentes serán os establecidos no artigo 4 da Orde de 15 de xullo de 2015.

4. Como anexo a esta orde inclúese o currículo das novas materias de libre configuración autonómica relacionadas no punto 1 deste artigo.

*Disposición derradeira primeira. Desenvolvemento*

Facúltase a Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa para adoptar os acordos e ditar as resolucións que considere oportunas no desenvolvemento desta orde.



Disposición derradeira segunda. *Entrada en vigor*

Esta orde entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Santiago de Compostela, 3 de agosto de 2017

Román Rodríguez González  
Conselleiro de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria

#### ANEXO

### **Materias de libre configuración autonómica de elección para os centros docentes en educación secundaria obrigatoria**

#### **Identidade Dixital Introdución**

Esta materia de libre configuración para os cursos 1º ou 2º de ESO é unha proposta á disposición dos centros co fin de facilitar o tratamento, de forma intensiva ao longo dun curso escolar, dos contidos relacionados coa identidade dixital, entendida como o conxunto da información sobre un individuo ou organización exposta na internet (datos persoais, imaxes, rexistros, novas, comentarios, etc.) que conforman unha descrición deste ente no plano dixital. Abórdase o seu coñecemento desde o fomento dunha cultura de participación activa e positiva. A materia procura afastarse dunha visión centrada nos riscos pero non renuncia ao seu tratamento, que se procurará observando o conflito como unha oportunidade. Por outro lado, esta é unha materia específica sobre identidade dixital e non pretende estender o seu obxecto de traballo a todos os ámbitos de interese da internet.

No campo das ciencias sociais a identidade é a concepción e expresión que ten cada persoa acerca da súa individualidade e a súa pertenza, ou non, a certos grupos. Co desenvolvemento da sociedade do coñecemento este concepto está a sufrir rápidos e importantes cambios. Coa mestura inseparable da identidade dixital, a identidade analóxica estase a converter nunha identidade híbrida, e a nosa interacción nas redes inflúe, cada vez máis, na nosa vida fóra delas. Estamos diante dun novo proceso de construción social onde a identidade dixital se edifica, na maioría dos casos, de xeito involuntario e inconsciente. Esta realidade pon de manifesto a necesidade de traballar a identidade dixital desde a escola, contribuíndo así a unha das finalidades principais do sistema educativo público: axudar a compensar posibles carencias no contorno social, cultural ou económico.



Ademais, faise necesaria unha xestión eficiente da identidade dixital por parte do alumnado, que minimize as consecuencias indesexables producidas polas dificultades no exercicio, ou mesmo ausencia, do dereito ao esquecemento, e o coste das ferramentas necesarias para a xestión da súa privacidade que favoreza a súa participación en todos os ámbitos da vida futura e, en especial, para a construción dunha reputación na rede que axude na construción dos proxectos de vida persoal e profesional.

A pesar de que na última década se produciron importantes avances na dotación de medios de acceso á rede, a competencia no uso da información segue a ser un elemento clave para conseguir reducir a fenda dixital e social. A educación constitúe un instrumento fundamental para mudar esta situación de desigualdade en que as xurisdicións nacionais se ven superadas polos retos que se están a dar a nivel global.

A materia estrutúrase en tres bloques diferenciados. O primeiro deles, denominado A identidade do ser humano racional. Dereitos e dignidade persoal, trata de situar psicolóxica e socialmente o termo «identidade» como unha concepción propia do individuo que pertence a un colectivo máis amplo (sociedade); trata tamén de identificar o concepto de intimidade como unha construción cultural enmarcada nunha época histórica concreta que, na sociedade do coñecemento, dá lugar a conceptos e realidades novas sobre as que cómpre reflexionar. Trabállase desde a necesidade de dar solucións a situacións sociais mediante o coñecemento dos dereitos e o conflito que existe entre eles. Búscase evitar unha perspectiva baseada na xustiza punitiva e favorecer prácticas de prevención positivas, que non desprezen a relación entre adolescencia e internet e contén con eles e elas. A perspectiva culpabilizadora non empodera, non conciencia e non observa a oportunidade para o fomento da creatividade nin do compromiso social. Neste bloque trabállanse diferentes conceptos e normas relacionadas coa liberdade de expresión, liberdade de información, a protección de datos, a privacidade ou a propiedade intelectual, así como o dereito ao esquecemento ou a fenda dixital.

No segundo bloque, A identidade dixital, trabállase a fondo o concepto desde un punto de vista individual, social e de interacción; analízase o tratamento que os servizos máis comúns de redes sociais fan da privacidade e ofrece pautas para a súa xestión, cuestións clave para garantir os dereitos persoais. Ademais, estúdase o significado de conceptos como o de reputación en liña e marca dixital, elementos que favorecen a empregabilidade. No seu conxunto preténdese dotar o alumnado de ferramentas que contribúan a unha participación na sociedade do coñecemento con máis probabilidades de éxito.



O terceiro bloque, Pensamento crítico e redes, presenta ao alumnado unha perspectiva que contén o coñecemento esencial sobre as funcións dos medios e dos provedores de información nas sociedades democráticas, de xeito que favorece que as persoas usuarias se involucren nas canles e medios de información dun xeito significativo. Esta perspectiva, ademais de contribuír á defensa dunha sociedade informada e crítica, responde aos cambios demandados no rol docente, centrando o papel da educación no/a estudante e no desenvolvemento da competencia de aprender a aprender.

Esta materia non se pode abordar de xeito lineal nin teórico. A metodoloxía de proxectos resulta a máis acaída para garantir o tratamento de todos os contidos previstos e a adquisición dos estándares de aprendizaxe que se propoñen, pois requiren a identificación dunha necesidade informativa, a planificación e a distribución de tarefas entre os membros dun grupo, a realización de pequenas investigacións e tarefas integradas de cara á elaboración dun produto final que cómpre comunicar.





Identidade Dixital (1º/2º curso da ESO)				
Obxectivos	Contidos	Critérios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias
Bloque 1. A identidade do ser humano racional. Dereitos e dignidade persoal				
• a • d • f	• B1.1. A identidade persoal, identidade social e diversidade humana. O proceso na construción da identidade.	• B1.1. Diferenciar entre os elementos da identidade e a relación existente entre eles.	• ID1.1.1. Identifica as diferenzas básicas que existen entre os conceptos identidade persoal, identidade social e diversidade humana e pon exemplos da vida cotiá.	• CAA • CCEC
			• ID1.1.2. Acorda unha definición para os conceptos de identidade social e diversidade humana a través do consenso co grupo.	• CCL • CAA
		• B1.2. Recoñecerse a si mesmo como protagonista no proceso de construción da identidade.	• ID1.2.1. Recoñece e valora o poder que posúe para construír a súa propia identidade e exemplifícao coa creación dunha batería colaborativa de propostas a través da súa recollida nun único documento.	• CCL • CAA • CSC • CCEC
• a • d • f	• B1.2. O concepto de intimidade. Exposición pública da intimidade.	• B1.3. Comprender con perspectiva histórica o concepto de intimidade, facendo especial fincapé na evolución xurdida no ámbito das interaccións dixitais, e argumentar a favor e en contra dunha práctica de exposición persoal na rede.	• ID1.3.1. Investiga o significado do concepto intimidade e a que tivo ao longo do tempo e do espazo, expoñendo a través dun breve informe as conclusións obtidas.	• CD • CSC • CCEC
			• ID1.3.2. Extrapola diferentes prácticas de exposición persoal do seu contorno, como a publicación de imaxes de menores sen o seu consentimento, a unha sociedade ficticia sen pantallas e inventa posibles lugares de exposición pública destas imaxes analizando a súa pertinencia ética.	• CD • CSC • CCEC
• a • f	• B1.3. Declaración Universal dos Dereitos Humanos. A dignidade como ser moral e o valor da persoa. A igualdade de dereitos entre homes e mulleres.	• B1.4. Identificar, no preámbulo da DUDH, o respecto á dignidade das persoas e os seus atributos esenciais como o fundamento do cal derivan todos os dereitos.	• ID1.4.1. Identifica no preámbulo da DUDH os elementos que constitúen dereitos inalienables.	• CD • CSC • CCEC
		• B1.5. Apreciar o labor que realizan entidades de distinta índole que traballan pola defensa dos dereitos humanos, auxiliando as persoas que por natureza os posúen, pero non teñen oportunidade de exercelos.	• ID1.5.1. Investiga que entidades se ocupan da salvagarda dos dereitos humanos en todo o mundo.	• CD • CSC • CAA • CCEC



Identidade Dixital (1º/2º curso da ESO)				
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias
			<ul style="list-style-type: none"> <li>ID1.5.2. Identifica de xeito colaborativo as liñas de traballo de entidades que se ocupan da salvagarda dos dereitos humanos en todo o mundo, e comunícaa a través dunha posta en común que se materialice nalgún documento escrito.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>CD</li> <li>CSC</li> <li>CAA</li> <li>CCEC</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>a</li> <li>d</li> <li>g</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>B1.4. A Constitución española.</li> <li>B1.5. Dereito á honra. Dereito á intimidade persoal e familiar. Dereito á imaxe.</li> <li>B1.6. A identidade dixital en menores de idade. Menores de 14 anos. Dos 14 aos 18 anos.</li> <li>B1.7. Liberdade de expresión e límites. Liberdade de información e límites.</li> <li>B1.8. Conflito ou colisión de dereitos.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>B1.6. Coñecer e valorar os fundamentos da Constitución española de 1978, identificando os valores éticos de que parte e os conceptos preliminares que establece, e mais os dereitos, os deberes e as consecuencias das súas actuacións nas redes tanto para eles como para os seus titores legais.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>ID1.6.1. Identifica e aprecia os valores éticos fundamentais da Constitución española, e sinala a orixe da súa lexitimidade e a súa finalidade mediante a lectura comprensiva e comentada do seu preámbulo.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>CD</li> <li>CSC</li> <li>CCEC</li> </ul>
			<ul style="list-style-type: none"> <li>ID1.6.2. Sinala e comenta a importancia dos dereitos á honra, á intimidade persoal e familiar, á propia imaxe e ao segredo de comunicacións.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>CD</li> <li>CSC</li> <li>CCEC</li> </ul>
			<ul style="list-style-type: none"> <li>ID1.6.3. Simula mediante xogos de rol as consecuencias de diferentes accións vinculadas aos dereitos e deberes nas redes de persoas menores de idade.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>CD</li> <li>CSC</li> <li>CCEC</li> </ul>
		<ul style="list-style-type: none"> <li>B1.7. Buscar na rede casos reais de conflitos de dereitos e doutros relacionados co dereito á honra.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>ID1.7.1. Contrasta os anteriores dereitos co dereito á liberdade de expresión de ideas e pensamentos e a comunicar e recibir libremente información veraz, identificando os seus límites, mediante a lectura e análise de casos reais.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>CD</li> <li>CSC</li> <li>CCEC</li> </ul>
			<ul style="list-style-type: none"> <li>ID1.7.2. Argumenta unha postura determinada nun debate arredor dunha situación real de conflito de dereitos.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>CCL</li> <li>CSS</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>a</li> <li>b</li> <li>f</li> <li>g</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>B1.9. Lei orgánica de protección de datos. Dereitos ARCO.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>B1.8. Coñecer e definir os elementos esenciais dos dereitos ARCO: dereito de información, acceso, rectificación, cancelación e oposición.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>ID1.8.1. Elabora e ilustra en grupo nunha infografía algún dos aspectos referidos aos dereitos ARCO.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>CCL</li> <li>CD</li> <li>CSC</li> </ul>



Identidade Dixital (1º/2º curso da ESO)				
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias
• a • b • f • g	• B1.10. Lei de propiedade intelectual e corrente de pensamento Cultura libre.	• B1.9. Explicar os catro dereitos de explotación da propiedade intelectual: reprodución, distribución, comunicación pública e transformación a través de casos prácticos.	• ID1.9.1. Identifica os catros elementos principais da propiedade intelectual e ilústralos a través de exemplos.	• CD • CSC
			• ID1.9.2. Identifica as posibilidades e restricións de uso dalgunha obra creativa seleccionada na rede, atendendo á súa licenza de propiedade intelectual.	• CD • CSC
		• B1.10. Analizar e recoñecer as novas formas de compartir coñecemento na rede e valorar a pertinencia das licenzas de Cultura libre.	• ID1.10.1. Investiga sobre as novas formas de compartir coñecemento na rede a través de licenzas de Cultura libre e presenta conclusións en diferentes soportes.	• CD • CSC
• a • b • f • g	• B1.11. Dereito ao esquecemento.	• B1.11. Comprender e explicar o significado do dereito ao esquecemento e as posibles consecuencias da súa ausencia.	• ID1.11.1. Define o dereito ao esquecemento e identifica estratexias individuais e colectivas que contribúan a minimizar os danos da súa ausencia rexistrándoos nunha lista.	• CCL • CD • CSC • CCEC
• a • b • f • g	• B1.12. Fenda dixital. Tipos de fenda dixital: global, social (de acceso, de uso e de calidade de uso) e democrática.	• B1.12. Explicar e valorar a importancia de reducir a fenda dixital no proceso de construción colectiva dunha sociedade máis igualitaria.	• ID1.12.1. Identifica o concepto de fenda dixital e pon exemplos tirados da vida cotiá.	• CCL • CD • CSC
			• ID1.12.2. Busca as causas e argumenta de modo oral mediante unha exposición as consecuencias derivadas dos exemplos seleccionados.	• CCL • CAA • CSC
			• ID1.12.3. Elabora de xeito colaborativo un decálogo con medidas que contribúan á redución da fenda dixital.	• CCL • CD • CAA • CSC





Identidade Dixital (1º/2º curso da ESO)				
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias
Bloque 2. A identidade dixital				
• e • d • f	• B2.1. A identidade dixital como construción social. A identidade híbrida.	• B2.1. Recoñecer e asumir a relación directa que existe entre a identidade dixital e a identidade analóxica e analizar criticamente diferentes accións cotiás na rede que constrúen a nosa identidade dixital deixando un rastro permanente, comparando as accións na rede con inscricións na rede.	• ID2.1.1. Explica o concepto de identidade como unha realidade dinámica e cambiante que suxeita á permanencia do rastro dixital.	• CD • CAA • CSC
			• ID2.1.2. Compara os conceptos identidade dixital e analóxica e establece as relacións que existen entre a propia identidade dixital e a analóxica.	• CD • CAA • CSC
			• ID2.1.3. Identifica prácticas dixitais habituais que ilustran esta relación (proxección da imaxe, exposición da vida real na vida dixital...) e toma conciencia sobre a transcendencia dos nosos actos na rede.	• CD • CAA • CSC
• e • g	• B2.2. A nosa actividade consciente na rede. • B2.3. Rastro dixital. Os servizos gratuítos na rede.	• B2.2. Presentar e defender en público algunha acción ou interacción na rede, debaténdoa en gran grupo, e explicar a aparente gratuidade do seu uso.	• ID2.2.1. Identifica o rastro dixital de accións cotiás de uso da rede a través de exemplos reais ou ficticios.	• CD • CSIEE
			• ID2.2.2. Investiga e presenta o funcionamento dun produto de mercado derivado de servizos gratuítos aloxados na rede.	• CD • CSIEE
• a • e • d • g	• B2.4. A imaxe que os demais teñen da nosa identidade dixital. • B2.5. A relación establecida cos diferentes membros da rede.	• B2.3. Comprender a existencia de diferenzas entre o que somos e o que proxectamos de nós na rede, coa finalidade de fomentar unha interacción responsable e a valoración crítica da identidade de terceiros.	• ID2.3.1. Identifica os trazos físicos, emocionais, sociais, intelectuais, espirituais... que proxectamos na vida cotiá e cotéxaos con aqueles que proxectamos nas redes.	• CCL • CD • CSC
		• B2.4. Sinalar e relacionar os obxectivos e pertinencia da súa participación persoal en diferentes comunidades dixitais.	• ID2.4.1. Explica os intereses e afeccións que manifestamos na rede a través do vínculo con determinadas comunidades con que interactuamos mediante a elaboración dunha relación daquelas que formamos parte.	• CCL • CD • CSC



Identidade Dixital (1º/2º curso da ESO)				
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias
• a • b • d • f • g	• B2.6. Xestión da identidade dixital. Revisión da identidade. • B2.7. Construción da reputación. Marca persoal. Relación entre marca persoal e identidade dixital.	• B2.5. Comprender a importancia da identidade dixital no seu proceso de construción persoal e a necesidade de xestionala activamente.	• ID2.5.1. Elabora en grupo unha infografía ilustrada coas recomendacións máis importantes para a xestión da propia identidade dixital.	• CCL • CD • CSC • CSIEE • CCEC
			• ID2.5.2. Relaciona os conceptos de marca persoal e identidade dixital atendendo ao tipo de influencia que a marca persoal pode ter sobre a propia identidade persoal.	• CCL • CD • CSC • CSIEE • CCEC
• a • b • d • f • g	• B2.8. Proxectos persoais.	• B2.6. Planificar e presentar un proxecto de construción de identidade dixital coherente e realista e valorar a posibilidade de xerar unha marca persoal mantendo unha postura crítica sobre a pertinencia de facelo e a influencia que esta pode xerar sobre a súa propia identidade.	• ID2.6.1. Planifica, describe e elabora un proxecto de futuro de construción de identidade dixital atendendo ás fases de viabilidade (posibilidades reais de construír a imaxe dixital), planificación (definición de estratexia xeral, aplicacións a utilizar, configuración de aplicacións, estratexia de publicación e interacción, tarefas, etc.) execución do plan e valoración final.	• CCL • CD • CSC • CSIEE • CCEC
<b>Bloque 3. Pensamento crítico e redes</b>				
• a • d • f • g	• B3.1. A cultura de participación.	• B3.1. Analizar e comentar, con actitude reflexiva e espírito crítico, calquera tipo de información.	• ID3.1.1. Localiza e recupera información relevante e veraz sobre algún interese propio e destaca as diferentes estratexias de busca utilizadas.	• CL • CD • CAA
• a • d • f • g	• B3.2. Busca, uso e comunicación da información de xeito creativo, legal e ético.	• B3.2. Contrastar a información recollida en diferentes fontes e analizar criticamente o seu contido.	• ID3.2.1. Interpreta e analiza a mesma información en fontes diferentes.	• CL • CD • CAA
• a • d • f • g	• B3.3. Plataformas de acollida libre e pública de peticións pola internet tanto próximas como globais.	• B3.3. Participar nalgunha experiencia en rede compartindo información e valorando explicitamente beneficios e prexuízos que lle pode ocasionar esa interacción concreta na rede.	• ID3.3.1. Selecciona unha petición de carácter cívico dunha plataforma pública ou un proxecto de creación e elabora algunha proposta de contribución simple á súa difusión.	• CL • CD • CAA



Identidade Dixital (1º/2º curso da ESO)				
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias
			<ul style="list-style-type: none"> <li>ID3.3.1. Exemplifica sobre os perigos que encerra o fenómeno da socialización global á marxe dos valores éticos universais e dialoga na procura de solucións.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>CL</li> <li>CD</li> <li>CAA</li> </ul>
			<ul style="list-style-type: none"> <li>ID3.3.2. Propón actuacións coherentes que poñan en contacto a súa comunidade global co seu ámbito de participación local.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>CL</li> <li>CD</li> <li>CAA</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>a</li> <li>d</li> <li>f</li> <li>g</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>B3.4. Proxectos de creación e de microfinanciamento global e no contorno próximo.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>B3.4. Buscar e identificar proxectos de creación e/ou de microfinanciamento colectivo do contorno próximo.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>ID3.4.1. Crea e comparte coñecemento na rede sobre algunha habilidade, experiencia, competencia, coñecemento, calidade propia e comunícaa a través de diferentes soportes.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>CL</li> <li>CD</li> <li>CAA</li> </ul>
			<ul style="list-style-type: none"> <li>ID3.4.2. Recoñece as posibilidades que ofrecen as plataformas para elaborar, compartir e financiar proxectos de xeito colectivo.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>CL</li> <li>CD</li> <li>CAA</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>a</li> <li>d</li> <li>f</li> <li>g</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>B3.5. Participación e respecto na rede. Empatía dixital.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>B3.5. Identificar e valorar criticamente actitudes e reaccións cara a terceiros empatizando coas distintas partes implicadas.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>ID3.5.1. Xustifica o uso das redes sociais facendo fincapé nas oportunidades e vantaxes que ofrecen sen esquecer os riscos que supón o seu uso.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>CL</li> <li>CD</li> <li>CAA</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>a</li> <li>d</li> <li>f</li> <li>g</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>B3.6. Benestar e xestión dos tempos de consumo na rede.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>B3.6. Computar e analizar o tempo de conexión á rede e analizar a súa repercusión no benestar.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>ID3.6.1. Reflexiona sobre os momentos en que a tecnoloxía non debe estar presente en accións da vida cotiá e expón as conclusións a través de micronarrativas (memes, gifs, vines...).</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>CD</li> <li>CSC</li> <li>CCEC</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>e</li> <li>d</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>B3.7. Medidas e hábitos de seguridade na navegación. Configuración adecuada da seguridade e privacidade.</li> <li>B3.8. Ameazas á privacidade na rede. Configuración da privacidade nas redes sociais. Alteracións derivadas da sincronización entre plataformas.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>B3.7. Adoptar as condutas de seguridade activa e pasiva que posibiliten a protección dos datos persoais e o intercambio seguro de información nas súas interaccións na rede.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>ID3.7.1. Coñece os riscos de seguridade na rede e emprega hábitos de protección adecuados.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>CD</li> <li>CSC</li> </ul>
			<ul style="list-style-type: none"> <li>ID3.7.2. É consciente dos dereitos de terceiros no momento de compartir datos na rede.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>CD</li> <li>CSC</li> </ul>



Identidade Dixital (1º/2º curso da ESO)				
Obxectivos	Contidos	Critérios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias
			<ul style="list-style-type: none"> <li>ID3.7.3. Pon de manifesto a necesidade de protexer os datos mediante políticas de privacidade e contrasinais seguros.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>CD</li> <li>CSC</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>a</li> <li>e</li> <li>d</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>B3.9. Alteracións da privacidade por parte de terceiros.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>B3.8. Aplicar técnicas de protección da privacidade.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>ID3.8.1. Aplica técnicas de protección da privacidade en prácticas reais ou ficticias na rede.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>CD</li> <li>CSC</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>a</li> <li>e</li> <li>d</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>B3.10. Ameazas á reputación na rede. Informacións descontextualizadas. Publicacións falsas, inxurias ou calumnias. Publicacións que exceden a liberdade de información. Suplantación da identidade na internet.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>B3.9. Coñecer os delitos informáticos máis habituais para desenvolver estratexias de protección en relación con aqueles que poidan ter un maior impacto na súa persoa.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>ID3.9.1. Describe en que consisten os delitos informáticos máis habituais e clasifícaaos atendendo á súa gravidade.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>CD</li> <li>CSC</li> </ul>
			<ul style="list-style-type: none"> <li>ID3.9.2. Coñece, discute e aplica prácticas de protección ante os diferentes riscos na rede: ameazas á súa reputación, informacións falsas, publicacións que exceden a liberdade de información ou suplantacións de identidade.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>CD</li> <li>CSC</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>a</li> <li>e</li> <li>d</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>B3.11. Convivencia na rede. Exemplos de boas prácticas.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>B3.10. Recoñecer o outro nas nosas publicacións na rede e o impacto destas na súa reputación e nas súas emocións.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>ID3.10.1. Expón a repercusión das nosas interaccións na rede sobre os demais a través de faladoiros dialóxicos e presenta conclusións en diferentes soportes.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>CCL</li> <li>CSC</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>a</li> <li>d</li> <li>g</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>B3.12. Reacción ante a violación de dereitos. Denuncia interna aos provedores de servizos. Denuncia ante a AEPD. Denuncia xudicial.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>B3.11. Coñecer e poñer en práctica o procedemento de solicitude de retirada de información de carácter persoal dos diferentes servizos da rede, incluídas as indexacións dos principais buscadores.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>ID3.11.1. Visita e familiarízase coa información ao cidadán que ofrece a web da AEPD.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>CCL</li> <li>CD</li> <li>CAA</li> </ul>
			<ul style="list-style-type: none"> <li>ID3.11.2. Elabora a documentación necesaria para solicitar a retirada dunha información visual ou audiovisual dalgún servizo da internet.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>CCL</li> <li>CD</li> <li>CAA</li> </ul>

## **Consumo Responsable**

### **Introdución**

O artigo 51.2 da Constitución española establece que os poderes públicos promoverán a información e a educación das persoas consumidoras e usuarias. Neste sentido, a Lei 2/2012, do 28 de marzo, galega de protección xeral das persoas consumidoras e usuarias, establece como un dos dereitos básicos das persoas consumidoras a formación e a educación en materia de consumo. Sinálase na exposición de motivos que a actuación administrativa debe superar o concepto tradicional de formación e educación, cinguida, tradicionalmente e en exclusiva, ao coñecemento polas persoas consumidoras dos seus dereitos como tales, para entender esta formación e educación nun contexto máis global, onde este coñecemento teña que complementarse simbioticamente con outros coñecementos dos cales non poida prescindir á hora de adquirir bens e servizos, como a sustentabilidade ambiental, económica, social e cultural.

Para acadar o obxectivo anteriormente sinalado, o artigo 49 da Lei 2/2012 habilita a Administración competente en materia de consumo para a elaboración de plans e programas de actuación conducentes ao impulso do tratamento da educación para o consumo nos diferentes niveis e etapas do ensino regrado. Así mesmo, o artigo 50 desta lei sinala que a Administración competente en materia de consumo, conxuntamente coa competente en educación, establecerá un plan de formación específico orientado a favorecer o tratamento da educación para o consumo nos currículos das diferentes etapas e niveis do ensino regrado, na forma en que mellor se axuste á finalidade pedagóxica de cada un deles.

A LOMCE fai referencia á concepción da educación como chave para a formación de persoas activas; con autoconfianza, curiosas, emprendedoras e innovadoras; desexosas de participar na sociedade a que pertencen, de crear valor individual e colectivo; capaces de asumir como propio o valor do equilibrio entre o esforzo e a recompensa. A educación e o sistema educativo deben posibilitar tanto a aprendizaxe de cousas distintas como o ensino de xeito diferente, para poder satisfacer un alumnado que foi cambiando coa sociedade.

Coa introdución no currículo do ensino obrigatorio dunha materia de Consumo Responsable non só se dá cumprimento ao mandato legislativo anteriormente sinalado senón que tamén se pretende formar unha cidadanía máis crítica, autónoma e consciente dos seus dereitos e responsabilidades, disposta a actuar nunha sociedade globalizada e cambiante. A incorporación da educación para o consumo responsable no eido do ensino regrado permitirá formar as futuras xeracións de persoas consumidoras, de xeito que sexan conscientes non só dos seus dereitos senón tamén dos seus deberes, así como da importancia de



estaren en todo momento debidamente informadas sobre as características dos bens, produtos e servizos postos á súa disposición no mercado, e das vías e dos mecanismos para facer efectivos eses dereitos. Deste xeito, poderán desenvolverse na sociedade dun modo responsable, solidario e con sentido crítico, dando preferencia ao «ser» fronte ao «posuír».

Todas as persoas teñen que tomar a diario decisións de consumo que cada vez se ven máis condicionadas polo emprego das novas tecnoloxías, de técnicas de publicidade ilícita ou enganosa ou pola propia configuración da actual sociedade, baseada na economía de mercado. Así pois, o obxectivo último desta materia é formar persoas consumidoras responsables, informadas, conscientes, críticas e solidarias, como unha forma de prever o consumismo excesivo e os seus efectos negativos para a sociedade e o ambiente.

O currículo desta materia está organizado en catro grandes bloques. O primeiro, O consumo responsable e tipos de consumo, pretende ofrecerlle ao alumnado un primeiro achegamento aos conceptos básicos de consumo e hábitos de consumo responsable, así como unha aproximación inicial aos dereitos das persoas consumidoras. Analízase a relación entre o consumo e a sustentabilidade, coa identificación dos distintos tipos de comercio (globalizado, xusto e de proximidade) facendo fincapé no comercio xusto e no comercio de proximidade como mellores opcións cara a un consumo responsable. Por outro lado, trabállase o consumo na rede desde os hábitos e usos máis coñecidos e empregados polo alumnado, como é a perspectiva de «prosumidores» (produto + consumidor) nas redes sociais, prestándolle unha especial atención ao comercio electrónico como outra forma de consumo cunha rápida evolución e en continuo auxe, coa finalidade de que o alumnado coñeza para o futuro as distintas maneiras de consumir produtos e servizos a través da rede e as vantaxes e os riscos que presenta esta modalidade de consumo. Remata este bloque coa referencia ás consecuencias do consumo excesivo, o esgotamento dos recursos e os riscos que presenta para as persoas consumidoras.

O segundo bloque, Identificación dos produtos a través da súa etiquetaxe, pretende aproximarlle ao alumnado as nocións básicas sobre a etiquetaxe dos distintos produtos postos no mercado á disposición das persoas consumidoras e a importancia de coñecerla ben. Pode dicirse que a etiquetaxe dos alimentos é algo así como a súa tarxeta de presentación, e neste bloque dáselle especial importancia á etiquetaxe dos produtos alimenticios, debido á extensa normativa que o regula e á súa importancia debido á valiosa información que proporciona sobre os seus ingredientes, se conteñen ou non aditivos e outras substancias engadidas, as súas propiedades, o seu valor nutricional, a súa data de caducidade, etc. Ademais, é preciso completar este bloque coa etiquetaxe doutros produtos de compra habitual, como son os electrodomésticos e os produtos electrónicos, a roupa e o calzado, os xoguetes e os videoxogos, xa que a través da etiquetaxe podemos coñecer a



súas principais características, compoñentes, lugar de fabricación e, en xeral, toda a información necesaria para saber que se trata dun produto seguro e apto para o consumo. Coñecer a importancia da etiquetaxe converterá o alumnado en persoas consumidoras informadas, capaces de decidir de xeito consciente sobre os alimentos e os produtos que están a consumir cada día.

O terceiro bloque, Publicidade dos bens e servizos de consumo, céntrase nun dos principais elementos que inflúen nas decisións de consumo: a publicidade. Aquí trátase de que o alumnado sexa capaz de comprender e identificar as estratexias que se empregan na publicidade, tanto nos medios de comunicación e nas TIC coma no punto de venda. Así mesmo, resulta necesario efectuar unha visión crítica da publicidade e coñecer os posibles supostos de publicidade ilícita que se poden denunciar ante Consumo, como publicidade enganosa e/ou discriminatoria.

O cuarto bloque, O exercicio dos dereitos das persoas consumidoras, céntrase na presentación dos dereitos das persoas consumidoras e nas estratexias para facelos valer a través dos servizos con que as persoas consumidoras contan para a súa defensa, con especial atención ás institucións e ás políticas públicas que amparan as persoas consumidoras.

Esta materia, estruturada nos catro bloques sinalados, ten por obxecto que o alumnado desenvolva as competencias que lle permitan exercer os seus dereitos como persoas consumidoras. Facilita o desenvolvemento de varias competencias clave que permiten adquirir hábitos, destrezas, comportamentos e coñecementos para o exercicio crítico e autónomo do consumo, polo que resulta de especial importancia para a aplicación na vida diaria do alumnado. Nesta liña, cómpre destacar as competencias sociais e cívicas, as competencias de aprender a aprender e sentido de iniciativa e espírito emprendedor.

En correlación coas competencias clave e a propia natureza desta materia, a metodoloxía empregada debe basearse na propia práctica, apoiándonos en casos que se atopan na vida diaria. Recoméndase o emprego de diferentes recursos, como os dixitais e os medios de comunicación, así como o recurso á propia experiencia persoal do alumnado. Nesta liña, as técnicas metodolóxicas que favorecerán o cumprimento dos obxectivos serán, por exemplo, o traballo en equipo, os xogos de rol, a análise de casos reais e a manipulación de produtos de consumo desde unha perspectiva pedagóxica.

Como peche, cómpre non esquecer a necesidade de que os instrumentos de avaliación sexan variados para poder atender as diversas destrezas e competencias que traballa a materia e mais para valorar a evolución do alumnado. Como ferramenta, serán moi adecuadas as rúbricas ou escalas de valoración para recoller os datos froito da observación sistemática do seu traballo.







Consumo Responsable 1º/2º ESO				
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
Bloque 1. Consumo responsable e tipos de consumo				
• a • e • g • m	• B.1.1. Consumo responsable. • B.1.2. A persoa consumidora. • B.1.3. Dereitos das persoas consumidoras.	• B.1.1. Coñecer conceptos básicos de consumo e os dereitos que teñen como persoas consumidoras.	• CRB 1.1.1. Identifícase como persoa consumidora e distingue actos de consumo na súa vida cotiá.	• CAA • CSC
			• CRB 1.1.2. Diferencia hábitos de consumo responsable dos que non o son.	• CAA • CSC
			• CRB 1.1.3. Recoñece os dereitos das persoas consumidoras.	• CAA • CSC
• a • b • e • g • l • m	• B.1.4. Consumo e sustentabilidade: comercio globalizado e comercio de proximidade. • B.1.5. Principios de comercio xusto e cooperativas de consumo.	• B.1.2. Identificar e diferenciar os diferentes tipos de comercio ao noso alcance: comercio local, centros comerciais, franquías internacionais... • B.1.3. Recoñecer as diferentes iniciativas que favorecen un consumo responsable e as implicacións das condicións laborais nos procesos de produción.	• CRB 1.1.4. Diferencia os tipos de consumo, así como as súas vantaxes e desvantaxes para adoptar unha toma de decisións crítica respecto dos seus hábitos de consumo.	• CAA • CSC • CSIEE
			• CRB 1.1.5. Identifica os principios do comercio xusto e as cooperativas de consumo e ilústrao con exemplos.	• CAA • CSC • CSIEE
• a • e • g • m	• B.1.6. Consumo na rede: conceptos básicos. • B.1.7. Redes sociais: os novos consumidores (prosumidores). • B.1.8. O comercio electrónico: consellos de uso. • B.1.9. Problemas habituais de consumo na rede.	• B.1.4. Identificar as principais características do consumo na rede, as posibilidades que ofrece e os riscos que presenta: descargas non desexadas, apostas en liña, compras fraudulentas, exposición de datos persoais...	• CRB 1.1.6. Recoñece as posibilidades do consumo na rede a través de casos prácticos.	• CAA • CSIEE
			• CRB 1.1.7. Comprende os riscos que implica un uso inadecuado do comercio electrónico e outros problemas do consumo na rede.	• CD • CAA • CSIEE
			• CRB 1.1.8. Identifica modelos seguros de uso na rede e condutas inseguras sobre casos prácticos.	• CMCCT • CDCAA • CSC • CSIEE





Consumo Responsable 1º/2º ESO				
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
<ul style="list-style-type: none"> <li>• a</li> <li>• b</li> <li>• g</li> <li>• m</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• B.1.10. Consumo de subministracións: custos domésticos e ambientais.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• B.1.5. Comprender as consecuencias dun consumo excesivo de subministracións domésticas (auga, gas, combustibles...) e o impacto que ten sobre a economía doméstica e sobre o ambiente.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• CRB 1.1.8. Identifica algunhas medidas que se poden tomar para a protección do ambiente en relación co consumo doméstico.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• CAA</li> <li>• CSC</li> <li>• CSIEE</li> </ul>
			<ul style="list-style-type: none"> <li>• CBR 1.1.9. Incorpora un cambio nos propios hábitos que xere unha mellora no consumo dos recursos.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• CAA</li> <li>• CSC</li> <li>• CSIEE</li> </ul>
<b>Bloque 2. Identificación dos produtos a través da súa etiquetaxe</b>				
<ul style="list-style-type: none"> <li>• e</li> <li>• g</li> <li>• m</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• B.2.1. Información xeral básica dos produtos de consumo: a etiquetaxe.</li> <li>• B.2.2. Publicidade fronte a información.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• B.2.1. Coñecer a importancia e o significado da etiquetaxe para a persoa consumidora.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• CRB.2.1.1. Identifica os distintos tipos de datos que ofrece a etiquetaxe e diferencia entre o que é informativo e o que é publicitario.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• CAA</li> <li>• CSC</li> </ul>
			<ul style="list-style-type: none"> <li>• CRB.2.1.2. Identifica a información que debe aparecer de xeito obrigatorio en calquera produto de venda ao público.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• CAA</li> <li>• CSC</li> </ul>
			<ul style="list-style-type: none"> <li>• CRB.2.1.3. Debate de xeito argumentado sobre a importancia da etiquetaxe como recurso fundamental para a elección consciente e informada dun produto.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• CAA</li> <li>• CSC</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>• e</li> <li>• g</li> <li>• m</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• B.2.2. Etiquetaxe de alimentación e nutricional.</li> <li>• B.2.3. Etiquetaxe téxtil e do calzado.</li> <li>• B.2.4. Etiquetaxe electrónica e tecnolóxica.</li> <li>• B.2.5. Etiquetaxe de xoguetes e videoxogos.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• B.2.2. Identificar a información que debe aparecer nos envases dos diferentes tipos de produtos a que temos acceso no mercado: ingredientes, nutrientes, compoñentes engadidos, nivel de procesado, composición, orixe, fabricación, instrucións, nivel de risco, recomendación de idade, tipo de contido, tipo de envase...</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• CRB 2.2.1. Recoñece e compara a información que figura na etiquetaxe de produtos de distinto tipo en exemplos concretos.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• CAA</li> <li>• CSC</li> <li>• CMCCT</li> </ul>
			<ul style="list-style-type: none"> <li>• CRB 2.2.2. Identifica a información que debe aparecer na etiquetaxe de produtos alimenticios a través de casos prácticos.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• CAA</li> <li>• CSC</li> <li>• CMCCT</li> </ul>



Consumo Responsable 1º/2º ESO				
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
• e • g • m	• B.2.6. Etiquetaxe facultativa. • B.2.7. Selos de calidade.	• B.2.3. Recoñecer a etiquetaxe que non se considera obrigatoria e valorar o seu significado.	• CRB 2.3.1. Diferencia o significado e os símbolos que se empregan na etiquetaxe facultativa.  • CRB 2.3.2. Identifica selos de calidade na etiquetaxe de produtos a través de exemplos reais e valora o seu valor engadido.	• CAA • CSC  • CAA • CSC
Bloque 3. Publicidade dos bens e servizos de consumo				
• a • b • c • e • g • m • n	• B.3.1. Linguaxe publicitaria nos medios de comunicación e nas TIC.	• B.3.1. Descubrir os elementos que compoñen a linguaxe publicitaria: lingüísticos (mensaxes, slogans), gráficos (cor, logos), musicais, icónicos (persoas, famosos, destinatarios)... • B.3.2. Identificar e valorar o impacto das mensaxes que vemos nos anuncios.	• CRB.3.1.1. Identifica os elementos e as técnicas (horarios de exposición) que se empregan nos diferentes formatos publicitarios para vender un produto.	• CCL • CAA • CSIEE
		• B.3.2. Identificar e valorar o impacto das mensaxes que vemos nos anuncios.	• CRB.3.1. 2. Analiza cunha actitude crítica o visionado de diferentes anuncios.	• CCL • CAA • CSIEE
• a • b • e • g • m • n	• B.3.2. Publicidade no punto de venda: medios, estratexias e técnicas.	• B.3.2. Distinguir as diferentes técnicas empregadas no punto de venda (localización, iluminación, colocación, redondeo, prezo, promoción, ritmo musical...) e coñecer a súa influencia na toma de decisión das persoas consumidoras.	• CRB 3.1.3. Recoñece os diferentes elementos e técnicas publicitarias dentro dos puntos de venda.	• CCL • CAA • CSIEE
			• CRB.3.1.4. Dialoga de xeito argumentado sobre a influencia das estratexias de venda sobre a toma de decisións das persoas consumidoras.	• CCL • CAA
• a • b • c • e • m • n	• B.3.3. Identificación da publicidade ilícita.	• B.3.3. Identificar os posibles casos de publicidade ilícita.	• CRB 3.1.5. Distingue anuncios de publicidade ilícita.	• CCL • CSIEE



Consumo Responsable 1º/2º ESO				
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
Bloque 4. O exercicio dos dereitos das persoas consumidoras				
<ul style="list-style-type: none"> <li>• a</li> <li>• b</li> <li>• e</li> <li>• g</li> <li>• h</li> <li>• m</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• B.4.1. Leis que amparan e protexen os dereitos das persoas consumidoras.</li> <li>• B.4.2. Servizos de defensa dos dereitos das persoas consumidoras.</li> <li>• B.4.3. Actuación ante un problema de consumo.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• B.4.1. Descubrir as normas que rexen os diferentes aspectos dos dereitos das persoas consumidoras.</li> <li>• B.4.2. Identificar as vías e as institucións a que se pode acudir para facer valer os dereitos das persoas consumidoras.</li> <li>• B.4.3. Coñecer como se realiza unha reclamación de consumo.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• CRB.4.1.1. Identifica os dereitos que nos protexen como persoas consumidoras.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• CCL</li> <li>• CSC</li> </ul>
			<ul style="list-style-type: none"> <li>• CRB 4.1.2. Diferencia as institucións a que debe acudir no caso de precisalas e identifica os motivos polos cales pode facer uso.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• CCL</li> <li>• CSC</li> </ul>
			<ul style="list-style-type: none"> <li>• CRB 4.1.3. Resolve problemas cunha compra e identifica as vías para poder solucionarlos a través de casos prácticos.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• CAA</li> <li>• CSIEE</li> </ul>
			<ul style="list-style-type: none"> <li>• CRB.4.1.4. Realiza unha reclamación ficticia ou real ante unha entidade.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• CCL</li> <li>• CSIEE</li> </ul>

## **Valores Democráticos Europeos**

### **Introdución**

A escola como comunidade democrática e espazo de participación cívica é un lugar privilexiado para traballar sobre aqueles valores democráticos que nos definen e que, sen seren exclusivamente europeos, nos identifican como partícipes dun proxecto social común pero diverso, baseado na confianza, no compromiso e na vontade de mellora continua. A resposta a que escola queremos? abre unha nova pregunta: que modelo de sociedade queremos? A aprendizaxe dos valores necesarios para a construción da sociedade do futuro non é posible á marxe da praxe e da actividade cívica do alumnado, do exercicio dunha cidadanía activa e da participación dentro da propia comunidade educativa desde un enfoque integral con coherencia entre o que se di e o que se fai.

Este exercicio da cidadanía precisa de espazos seguros nos cales o diálogo e a diversidade de propostas sexan posibles e se vexan reforzados pola busca e análise de información relevante e veraz, fomentando o pensamento crítico e actuando en consecuencia. Tanto a xestión da información como, e moi particularmente, o uso das contornas dixitais, en calidade de ámbitos de participación, requiren dunha aprendizaxe que permita distinguir a veracidade da información, a credibilidade das fontes e a emisión de mensaxes persoais e consistentes con valores fundamentais e universais. Nese escenario, a promoción do diálogo intercultural, en colaboración con toda a comunidade educativa e cos axentes sociais relevantes do contorno, supón un beneficio mutuo entre escola e sociedade, entre individuos e sociedade, que repercutirá na convivencia e no progreso das sociedades en xeral.

Por todo isto, o traballo en valores democráticos europeos non pode limitarse ao declarativo e conceptual senón que, mediante metodoloxías e enfoques activos (aprendizaxe baseada en proxectos, aprendizaxe-servizo, tutoría entre iguais, aprendizaxe colaborativa, mentorías...), deberá poñer o coñecemento en acción para producir hábitos cidadáns que se transformen en virtudes públicas e permitan a construción dunha «amizade cívica» e a creación de estratexias de resolución de conflitos.

Deste xeito, propónse un bloque 1, Os valores europeos, centrado na conceptualización dos valores europeos, como aqueles que xorden da tradición ilustrada que produciu a Declaración Universal dos Dereitos Humanos, e que están no centro da construción europea. A través deste bloque de contidos procurárase a interiorización dos principios de igualdade, democracia, diversidade, para procurar fomentar o respecto e a inclusión... tentando



conseguir a confluencia entre o pensamento ético e a actividade práctica dos individuos, é dicir, conseguir que a linguaxe do desexo (o que me interesa ou quero facer) coincida ao mesmo tempo cos principios éticos universais (o que debo facer).

O bloque 2, De persoas individuais a seres sociais, afonda na viaxe de individuo a cidadán, en canto ser social e político. Profúndase no coñecemento da xénese histórica dos valores, das loitas sociais pola inclusión intercultural, opoñéndoos aos procesos históricos de anulación dos trazos culturais e sociais diferentes. Así mesmo, trabállase o conflito intercultural desde a empatía e o respecto ao pluralismo, como oportunidade de crecemento tanto individual como da sociedade no seu conxunto para dar resposta a situacións e retos novos.

O bloque 3, A inclusión na diversidade, pola súa banda, ten unha perspectiva máis integradora e globalizada dos contidos traballados ata o momento, para a o desenvolvemento de competencias sociais e cívicas que faciliten a consecución de proxectos vitais e sociais relevantes, inclusivos e xustos.





Valores Democráticos Europeos (1º/2º curso da ESO)				
Obxectivos	Contidos	Crterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias
Bloque 1. Os valores europeos				
• a • e	• B1.1. Os valores da Unión: respecto á dignidade humana, liberdade, democracia, igualdade, Estado de dereito e respecto polos dereitos humanos. Dereitos das minorías. • B1.2. As sociedades plurais, non discriminatorias, tolerantes, xustas e solidarias.	• B1.1. Comprende a importancia dos valores dos estados democráticos na construción de sociedades inclusivas.	• VDE1.1.1. Define os conceptos básicos dos estados democráticos e pon exemplos tirados da vida cotiá.	• CCL • CSC
			• VDE1.1.2. Recoñece os valores propios da Unión Europea e relaciónaos cos dereitos fundamentas dos individuos.	• CCL • CSC
			• VDE1.1.3. Identifica contextos sociopolíticos e culturais respectuosos co pluralismo e a diversidade a través de textos de actualidade.	• CCL • CSC
			• VDE1.1.4. Valora a riqueza natural das sociedades modernas.	• CCL • CSC
• a • c • g • h	• B1.3. A igualdade entre homes e mulleres e a igualdade afectivo-sexual. • B1.4. O valor da diversidade social e cultural.	• B1.2. Valora con perspectiva de xénero a diversidade e a igualdade en todas as súas manifestacións como elemento clave e enriquecedor das sociedades inclusivas.	• VDE1.2.1. Xustifica a igualdade entre homes e mulleres como un valor necesario das sociedades plurais.	• CCL • CSC • CSIEE • CCEC
			• VDE1.2.2. Recoñece situacións de discriminación por razón de xénero en contextos cotiáns.	• CCL • CSC • CSIEE • CCEC
			• VDE1.2.3. Coñece e identifica distintas representacións culturais asociadas a comportamentos da vida cotiá como celebracións, alimentación, ritos sociais, etc.	• CCL • CSC • CSIEE • CCEC
			• VDE1.2.4. Aprecia e defende mediante exposicións orais a riqueza das manifestacións culturais na pluralidade da sociedade.	• CCL • CSC • CSIEE • CCEC



Valores Democráticos Europeos (1º/2º curso da ESO)				
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias
• a • g • o	<ul style="list-style-type: none"> <li>• B1.5. Os valores na construción da identidade cultural, o sentimento de pertenza, a visualización do ideal común, o compromiso e a coherencia.</li> <li>• B1.6. Concepto de cidadanía. Cidadanía europea.</li> <li>• B1.7. O concepto de amizade cívica.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• B1.3. Constrúe o sentimento de pertenza a unha sociedade a través da interacción respectuosa co resto da cidadanía.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• VDE1.3.1. Define o concepto de identidade cultural e aplícao sobre situacións da vida cotiá.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• CCL</li> <li>• CSC</li> <li>• CSIEE</li> <li>• CCEC</li> </ul>
			<ul style="list-style-type: none"> <li>• VDE1.3.2. Razona coas súas propias palabras que significa pertencer a unha sociedade.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• CCL</li> <li>• CSC</li> <li>• CSIEE</li> <li>• CCEC</li> </ul>
			<ul style="list-style-type: none"> <li>• VDE1.3.3. Analiza que implicacións persoais supón o sentimento de pertenza.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• CCL</li> <li>• CSC</li> <li>• CSIEE</li> <li>• CCEC</li> </ul>
			<ul style="list-style-type: none"> <li>• VDE1.3.4. Fai unha proposta de ideais comúns das persoas que conviven no seu centro educativo.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• CCL</li> <li>• CSC</li> <li>• CSIEE</li> <li>• CCEC</li> </ul>
			<ul style="list-style-type: none"> <li>• VDE1.3.5. Establece compromisos coherentes de actuación baseados nesta proposta de ideais comúns, recoñecendo a necesidade de apoio e defensa mutuas.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• CCL</li> <li>• CSC</li> <li>• CSIEE</li> <li>• CCEC</li> </ul>
• a • d	<ul style="list-style-type: none"> <li>• B1.8. A actualización continua dos valores: as realidades cambiantes e os novos retos. A abordaxe do conflito como oportunidade de crecemento e aprendizaxe.</li> <li>• B1.9. Elementos e metodoloxías na resolución de conflitos.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• B1.4. Participa na resolución pacífica de conflitos a través da realización de propostas contextualizadas.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• VDE1.4.1. Identifica fenómenos de conflito no mundo actual a través de casos reais e analiza as súas causas.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• CCL</li> <li>• CD</li> <li>• CAA</li> <li>• CSC</li> <li>• CCEC</li> </ul>
			<ul style="list-style-type: none"> <li>• VDE1.4.2. Elabora propostas de resolución de conflitos atendendo aos problemas identificados.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• CCL</li> <li>• CD</li> <li>• CAA</li> <li>• CSC</li> <li>• CCEC</li> </ul>



Valores Democráticos Europeos (1º/2º curso da ESO)				
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias
			<ul style="list-style-type: none"> <li>• VDE1.4.3. Xustifica como o tratamento e a resolución pacífica dos conflitos contribúe a redefinir o sistema de valores predefinido, integrando novas visións.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• CCL</li> <li>• CD</li> <li>• CAA</li> <li>• CSC</li> <li>• CCEC</li> </ul>
Bloque 2. De persoas individuais a seres sociais				
<ul style="list-style-type: none"> <li>• a</li> <li>• c</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• B2.1. A apertura cara ás crenzas, sistema de valores, visións do mundo, prácticas e bagaxes culturais dos outros.</li> <li>• B2.2. O respecto como valor de referencia.</li> <li>• B2.3. Dignidade, respecto e tolerancia.</li> <li>• B2.4. Xustiza e solidariedade.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• B2.1. Participar a nivel cognitivo e emocional en situacións de contacto intercultural real ou simulado, desde unha perspectiva construtiva.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• VDE2.1.1. Dramatiza situacións en que exerce diversos sistemas de valores, crenzas, etc. co fin de empatizar co outro.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• CCL</li> <li>• CSC</li> <li>• CSIEE</li> </ul>
			<ul style="list-style-type: none"> <li>• VDE2.1.2. Aplica a comunicación non violenta na defensa de manifestacións culturais e sociais diferentes das propias.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• CCL</li> <li>• CSC</li> <li>• CSIEE</li> </ul>
			<ul style="list-style-type: none"> <li>• VDE2.1.3. Relaciona os conceptos de dignidade e respecto e aplícaos coherentemente.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• CCL</li> <li>• CSC</li> <li>• CSIEE</li> </ul>
			<ul style="list-style-type: none"> <li>• VDE2.1.4. Distingue entre o respecto ás persoas e a tolerancia cara ás ideas.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• CCL</li> <li>• CSC</li> <li>• CSIEE</li> </ul>
	<ul style="list-style-type: none"> <li>• B2.4. Formas de violencia estrutural e individual: a violencia de xénero, a ciberviolencia, os radicalismos e o acoso na escola e nos contornos laborais. Auxilio necesario ás vítimas.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• B2.2. Recoñecer situacións de violencia e maltrato en diferentes contextos, favorecendo a busca de solucións para auxiliar as vítimas.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• VDE2.2.1. Pon en práctica procesos de comunicación que empaticen coas persoas que sofren algún tipo de violencia.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• CCL</li> <li>• CSC</li> </ul>
	<ul style="list-style-type: none"> <li>• B2.5. Marcos legais de acción na seguridade e protección das vítimas.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• B2.3. Reflexionar sobre o equilibrio entre seguridade e liberdade individual e social.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• VDE2.3.1. Debate sobre a fronteira que existe entre a protección do Estado e os dereitos individuais.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• CCL</li> <li>• CSC</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>• a</li> <li>• e</li> <li>• g</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• B2.6. A cidadanía activa e responsable. Acción e participación como elementos necesarios para a democracia e o control gobernamental.</li> <li>• B2.7. A responsabilidade compartida da cidadanía.</li> <li>• B2.8. A eficacia na resolución de conflitos e na construción social.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• B2.4. Coñece e razoa sobre diferentes loitas polos dereitos fundamentais, entendendo o seu valor e analizando criticamente as súas circunstancias e as conquistas que se conseguiron con elas.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• VDE2.4.1. Identifica exemplos e boas prácticas na participación social ou política de distintos colectivos.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• CCL</li> <li>• CD</li> <li>• CSC</li> <li>• CSIEE</li> </ul>







Valores Democráticos Europeos (1º/2º curso da ESO)				
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias
			• VDE2.4.2. Analiza diferentes situacións de loita pola defensa dos dereitos de diferentes colectivos ao longo da historia.	• CCL • CD • CSC • CSIEE
			• VDE2.4.3. Coñece algunhas organizacións de participación cidadá para diferentes obxectivos e sabe como contactar con elas.	• CCL • CSC • CSIEE
			• VDE2.4.4. Identifica un problema real da súa comunidade sobre o que é quen de actuar e planifica unha acción de participación social para ofrecer unha posible solución ou proposta de mellora.	• CCL • CSC • CSIEE
• a • c • g	• B2.9. A pluralidade de esquemas de valores morais e a súa importancia na xestión de modelos sociais inclusivos, abertos e flexibles. • B2.10. A busca de modelos comúns e universais éticos. • B2.11. Responsabilidade versus culpa. • B2.12. A resolución pacífica e construtiva de conflitos. A mediación. As prácticas restaurativas fronte ás puramente punitivas.	• B2.5. Reflexiona sobre o seu papel na construción e mellora da sociedade, así como na resolución de conflitos interculturais.	• VDE2.5.1. Explica o concepto de responsabilidade como elemento que constrúe a toma de decisións.	• CCL • CAA • CSC • CSIEE
			• VDE2.5.2. É quen de evidenciar os sistemas de valores que subxacen en posturas enfrontadas nun conflito.	• CCL • CAA • CSC • CSIEE
			• VDE2.5.3. Debate sobre as solucións posibles que se poidan dar nun conflito.	• CCL • CAA • CSC • CSIEE
			• VDE2.5.4. Achega solucións a situacións reais de conflito baseadas no respecto á diversidade e á mellora da sociedade a través do diálogo, a mediación e as prácticas restaurativas.	• CCL • CAA • CSC • CSIEE



Valores Democráticos Europeos (1º/2º curso da ESO)				
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias
Bloque 3. A inclusión na diversidade				
• a • l • n	• B3.1. Emigración e inmigración: a diversidade fronte á uniformidade. • B3.2. A valoración dos diferentes trazos culturais, sociais e relixiosos dos colectivos migrantes. As achegas científico-técnicas de distintas culturas. A celebración da diversidade. As achegas das diferentes culturas e relixións á solución dos conflitos.	• B3.1. Coñece e valora as achegas con que contribúe a diversidade humana á construción das sociedades.	• VDE3.1.1. Identifica movementos humanos de emisión ou recepción de poboacións propios e contextualizados en diferentes momentos históricos.	• CCL • CMCCT • CSIEE • CCEC
			• VDE3.1.2. Relaciónao co movemento de fronteiras e coa diversidade lingüística, coa herdanza das distintas achegas técnicas e culturais.	• CCL • CMCCT • CSIEE • CCEC
			• VDE3.1.3. Pon exemplos concretos de achegas producidas por distintas culturas no mundo actual.	• CCL • CMCCT • CSIEE • CCEC
			• VDE3.1.4. Analiza e busca puntos de encontro entre diferentes relixións que sexan compatibles cos dereitos humanos e os valores europeos.	• CCL • CMCCT • CSIEE • CCEC
• a • d	• B3.3. A loita contra os estereotipos culturais, relixiosos ou de xénero e o abandono dos modelos homoxeneizadores e redutores da diversidade.	• B3.2. Explica a importancia da loita contra os discursos totalitarios e alienantes.	• VDE3.2.1. Xustifica a idoneidade dos discursos que valoran a presenza da inmigración.	• CCL • CSC
			• VDE3.2.2. Analiza e identifica os discursos excluíntes e radicais que xorden ao redor das manifestacións culturais e relixiosas e determina as causas que levan á adopción destes discursos.	• CCL • CSC



Valores Democráticos Europeos (1º/2º curso da ESO)				
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias
<ul style="list-style-type: none"> <li>• a</li> <li>• d</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• B3.4. A cultura, a escola e o deporte como espazos de inclusión.</li> <li>• B3.5. O ciberespazo como contorno diverso e inclusivo. O respecto no ciberespazo.</li> <li>• B3.6. A construción de relatos e narrativas comúns: desde o que nos une e de costas ao que nos separa. A cooperación como modelo de mellora social.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• B3.3. Promove estratexias de inclusión en diferentes ámbitos.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• VDE3.3.1. Identifica recursos e estratexias para o coñecemento do outro e para a súa inclusión social a través de exemplos extraídos da vida cotiá.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• CCL</li> <li>• CAA</li> <li>• CSC</li> <li>• CSIEE</li> </ul>
			<ul style="list-style-type: none"> <li>• VDE3.3.2. Elabora propostas de prácticas inclusivas desde distintos ámbitos (actividades culturais, escola, deporte, ciberespazo...) que permitan canalizar os intereses comúns.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• CCL</li> <li>• CAA</li> <li>• CSC</li> <li>• CSIEE</li> </ul>
			<ul style="list-style-type: none"> <li>• VDE3.3.3. Propón accións interculturais a través do traballo cooperativo na súa comunidade de referencia que promoven os valores democráticos.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• CCL</li> <li>• CAA</li> <li>• CSC</li> <li>• CSIEE</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>• a</li> <li>• b</li> <li>• c</li> <li>• d</li> <li>• g</li> <li>• m</li> <li>• ñ</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• B3.7. O coñecemento e a comprensión crítica da propia individualidade. Quen somos e cal é o lugar que queremos ocupar no mundo.</li> <li>• B3.8. O coñecemento e a posta en valor de diferentes idiomas e dos códigos de comunicación. Que queremos comunicar.</li> <li>• B3.9. O coñecemento e a comprensión crítica do mundo: a política, a xustiza, os dereitos humanos, as culturas, as relixións, a historia e os medios de comunicación.</li> <li>• B3.10. O coñecemento e a comprensión crítica da economía, do ambiente, da produción e da tecnoloxía. A defensa da sustentabilidade.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• B3.4. Realiza proxectos de participación social que poñan o foco na inclusión a través do respecto polos valores democráticos e na construción dunha sociedade xusta e plural.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• VDE3.4.1. Planifica e coopera na execución dun proxecto de aprendizaxe-servizo en que se poña de manifesto cara a que sociedade quere avanzar, cal é o seu propio papel nese proxecto, como transmitilo á comunidade para producir unha mellora social sustentable.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• CCL</li> <li>• CD</li> <li>• CAA</li> <li>• CSC</li> <li>• CSIEE</li> <li>• CCEC</li> </ul>
			<ul style="list-style-type: none"> <li>• VDE3.4.2. Avalía o proxecto e propón vías de mellora e transferibilidade.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• CCL</li> <li>• CD</li> <li>• CAA</li> <li>• CSC</li> <li>• CSIEE</li> <li>• CCEC</li> </ul>



## **Mobilidade Escolar Sostible e Segura**

### **Introdución**

A mobilidade é un acto asociado á natureza humana que acontece diariamente nos desprazamentos con distintos motivos (estudo, traballo, lecer, deporte, xogo, compras...), en interacción cos elementos e as persoas do contorno. A construción do espazo público é un factor condicionante da nosa mobilidade, que no caso da mobilidade infantil afecta gravemente non só a través da sinistralidade viaria senón tamén a través do atraso na adquisición de habilidades relacionadas coa autonomía e co coñecemento do medio físico e humano en que vive o alumnado. A configuración do espazo público (xestionada baixo os principios de convivencia, habitabilidade, sustentabilidade e accesibilidade) relaciónase tamén cos condicionantes da saúde, que actúan como factor de saúde e benestar, sobre todo nos tramos de idade límite (os máis baixos e os máis altos). Por todo isto, cómpre abordar a materia partindo da análise da configuración do espazo público para analizar os usos que facemos del, as funcións que lle outorgamos e os colectivos que priorizamos para poder concluír se se trata dun espazo público democratizado.

Ademais, para analizar os nosos patróns de mobilidade cómpre considerar tamén a influencia dos hábitos e dos estilos de vida (o exercicio da individualidade, a protección do ambiente, os ritmos de vida, a escolla de fórmulas de vida máis sustentables...). Un uso racional dos recursos de que dispoñemos implicaría repensar os patróns imperantes baseados na primacía do vehículo particular e potenciar os desprazamentos máis sustentables (modos de desprazamento colectivo e modos non motorizados), que favorezan o respecto polo ambiente e polo coidado da nosa saúde (menos contaminación e máis actividade física serían os beneficios inmediatos). Disto dedúcese a necesidade de abordar a materia desde un punto de vista cívico que poña o foco no respecto polas normas de convivencia no uso do espazo público por parte de toda a cidadanía. Cómpre garantir a presenza e a seguridade de todas as persoas no exercicio dos seus desprazamentos e usos no espazo de todos, asegurando o respecto polas normas de mobilidade a prol da seguridade desde unha especial preocupación polos colectivos máis vulnerables no uso da vía pública (nenos, maiores, ciclistas e persoas con mobilidade reducida).

O obxectivo principal desta materia é formar o alumnado en todos os aspectos relacionados coa mobilidade fundamentándoa nos principios de benestar, convivencia, seguridade, eficiencia, igualdade e corresponsabilidade. Está intimamente ligada á competencia social e cívica (CSC), por ser a mobilidade un dereito de toda a cidadanía e un exemplo de expresión da convivencia nun espazo compartido e mais da adopción de hábitos de



vida saudables. Relaciónase tamén coa conciencia e expresión cultural (CCEC) pois inculca o respecto polos recursos patrimoniais e paisaxísticos e incorpora a recuperación de espazos públicos por medio da dignificación artística e do coidado e mantemento da rúa. Para o tratamento da materia na aula, e ao abeiro do desenvolvemento do sentido da iniciativa e espírito emprendedor (CSIEE) súxírese a realización dun proxecto que permita observar, analizar e intervir sobre os patróns de mobilidade na comunidade en que se vive, facendo que o alumnado desenvolva o espírito crítico a través do cuestionamento dos patróns dominantes e dos desequilibrios producidos polo sistema actual, exemplificados fundamentalmente na alta taxa de sinistralidade de determinados colectivos, na predominancia dos vehículos na ocupación do espazo público e no aumento exponencial do gasto enerxético e da contaminación. Durante a elaboración do proxecto aplicaranse técnicas de análise de problemas e de toma de decisións, puntos fortes da competencia matemática, científica e tecnolóxica (CMCCT), utilizando distintas fontes de información e apoiándose nas TIC (competencia dixital, CD), cunha metodoloxía de traballo en equipo, respectando as opinións de todas as persoas participantes e avaliando e compartindo os resultados coa comunidade educativa (comunicación lingüística, CCL; aprender a aprender, CAA).

O primeiro bloque, Proxecto de mobilidade, é un bloque instrumental. Contribúe á aprendizaxe da metodoloxía baseada en proxectos. Propón a elaboración dun proxecto de mobilidade que o alumnado debe realizar ao longo do curso e expón distintas ferramentas (incluíndo as TIC) de toma de decisións e análise de problemas para desenvolvelo de xeito colaborativo. A idea é que as actividades se integren nunha metodoloxía de traballo en equipo que a través dun diario, e un portfolio de evidencias achegadas polo alumnado, constrúa un proxecto ao remate do curso. Esta proposta pódese modelizar como de aprendizaxe-servizo xa que o alumnado é quen de analizar o seu contorno, denunciar os desequilibrios detectados e de achegar ideas para melloralo. Supón un proceso de investigación e análise da realidade no cal, partindo dos problemas prácticos, se procede a unha reflexión e actuación sobre a situación co obxecto de melloralo, implicando no proceso as persoas que viven o problema.

O segundo bloque, Espazos para a mobilidade, fornece contidos para coñecer e describir os elementos que conforman os espazos públicos, poñendo o foco nos espazos empregados para os desprazamentos e valorando especialmente os modelos imperantes a través da análise do seu deseño, dos usos e da súa funcionalidade. Tamén se inclúen as fontes de información xeográfica relacionadas coa mobilidade e as infraestruturas, xa que son indispensables para planificar os desprazamentos e coñecer o estado en que se atopan. O traballo con sitios web de referencia e coas aplicacións informáticas e para móbil



que empregamos na vida cotiá contribuirán á localización xeográfica e permitirán a recollida de datos necesarios para analizar e comprender a mobilidade.

O terceiro bloque, Principios e roles de mobilidade. Normativa e seguridade, aborda, por unha banda, a temática das normas e os valores éticos que hai arredor da mobilidade sustentable e segura, así como os pasos que cómpre seguir en caso de accidente. Ten como obxectivo que o alumnado considere a importancia de recoñecer o valor da percepción do risco, dos valores cívicos no uso compartido dos espazos públicos, e da necesidade de cumprir as normas para garantir os dereitos de uso de todas as persoas nos seus desprazamentos. A posta en valor das normas de convivencia e da necesidade de adoptar medidas de seguridade pasa necesariamente pola reflexión sobre as causas e as consecuencias dos sinistros viarios, que son o exemplo máis dramático da transgresión destas normas de convivencia. Por último, péchase o currículo cos roles de mobilidade para abordar a temática que tradicionalmente coñecemos como educación viaria, e que nestas idades debe abordarse desde os roles que ten o alumnado destinatario da materia: peóns, ciclistas e viaxeiros/as. A orientación deste bloque é procedemental e ten como obxectivo desenvolver destrezas concretas para actuar de xeito correcto nas devanditas situacións de tránsito. Para o exercicio destas habilidades é preciso poñer o foco na adquisición do sentido e conciencia do risco e mais no coñecemento dos dereitos e obrigas que os atinxen para que poidan moverse no espazo público con pautas de conduta seguras e cívicas.

Finalmente, debemos indicar que se trata dunha proposta curricular baseada na práctica, que pon en valor os individuos e tamén a comunidade a partir da análise de situacións concretas de mobilidade que o alumnado xa experimenta ou que experimentará nun futuro próximo. Por iso é recomendable que se realicen saídas escolares que reforcen o aprendido en colaboración con outras materias, por exemplo Educación Física, que en 1º de ESO ten criterios de avaliación relacionados coas actividades de trail e bicicleta, entre outras.





Mobilidade Escolar Sostible e Segura (1º/2º curso da ESO)				
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias
Bloque 1. Proxecto de mobilidade				
• e • f • g	• B1.1. O concepto de proxecto.	• B1.1. Diferenciar que iniciativas e tarefas son proxectos e cales non.	• MESS B1.1.1. Recoñece as características principais dun proxecto.	• CCL • CSIEE
• e • f • g	• B1.2. Exemplos de proxectos da vida real en distintos ámbitos, e con distintos alcances. Investigación a través de diversas fontes.	• B1.2. Identificar proxectos na vida real en diferentes ámbitos de coñecemento e sectores económicos, con distintos alcances e empregando distintas fontes, en especial relacionados coa mobilidade.	• MESS B1.2.1. Identifica a través de distintos medios proxectos na vida real, xa acometidos ou por levar a cabo, de alcance local, rexional, nacional ou internacional, focalizando sobre o ámbito da mobilidade.	• CSIEE • CD
• e • f • g	• B1.3. Análise dun proxecto.	• B1.3. Reflexionar e describir para cada proxecto as necesidades que atende, os problemas que resolve ou achegas de valor para a sociedade.	• MESS B1.3.1. Identifica e describe as necesidades que cobren ou os problemas que procuran resolver determinados proxectos.	• CCL • CSIEE • CAA
• e • f • g	• B1.4. Análise dun proxecto de mobilidade. Espazos, principios, modelos, resultados, colectivos implicados, dificultades e propostas de mellora.	• B1.4. Reflexionar e describir para un proxecto de mobilidade os espazos, modelos e principios sobre os que actúa, as fases e produto final, persoas e colectivos implicados, e as dificultades engadindo propostas de mellora.	• MESS B1.4.1. Identificar, no caso dos proxectos de mobilidade, os espazos e principios de mobilidade concretos sobre os que actúa o proxecto.	• CSIEE • CAA
• e • f • g	• B1.5. Fases do anteprojecto: a) Análise do contorno. 2) Xeración de ideas con distintas técnicas. • B.1.6. Selección de propostas de proxectos con distintas técnicas.	• B1.5. Detectar problemas ou necesidades no seu contorno relacionadas coa mobilidade e xerar ideas de novas medidas, solucións, bens ou servizos para a súa emenda, atención ou mellora empregando distintas técnicas (chuvia de ideas, análise DAFO, diagramas causa-efecto, análise de causa raíz...).	• MESS B1.5.1. Analiza o seu contorno para a detección de problemas, necesidades e melloras posibles no ámbito da mobilidade.	• CSIEE • CAA
			• MESS B1.5.2. Participa na xeración de ideas de proxectos de investigación en equipo orientados ao deseño e elaboración de propostas concretas para a resolución dos problemas e atención das necesidades anteriores, a través de chuva de ideas, análise DAFO, diagramas causa efecto ou análise de causa raíz.	• CSIEE • CAA



Mobilidade Escolar Sostible e Segura (1º/2º curso da ESO)				
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias
			<ul style="list-style-type: none"> <li>• MESS B1.5.3. Participa na selección das propostas de proxectos de investigación en equipo, mediante distintas técnicas.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• CSIEE</li> <li>• CAA</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>• a</li> <li>• b</li> <li>• c</li> <li>• d</li> <li>• e</li> <li>• f</li> <li>• g</li> <li>• h</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• B1.7. Fases do proxecto: formación de equipos; metodoloxía de traballo e ferramentas, definición e distribución de roles e tarefas; inicio da investigación; propostas de resolución do problema / produto / necesidade; presentación en equipo da investigación; publicación de resultados en distintos medios e redes sociais; reflexións finais.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• B1.6.1. Desenvolver un proxecto en equipo desde unha proposta viable ata a súa publicación en distintos medios e formatos.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• MESS B1.6.1. Participa de xeito colaborativo na formación de equipos e na definición de proxectos.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• CSIEE</li> <li>• CAA</li> <li>• CSC</li> </ul>
			<ul style="list-style-type: none"> <li>• MESS B1.6.2. Inicia a investigación, seguindo as tarefas e os roles definidos, e cos recursos e ferramentas establecidos.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• CSIEE</li> <li>• CAA</li> <li>• CSC</li> </ul>
			<ul style="list-style-type: none"> <li>• MESS B1.6.3. Elabora e presenta, colaborativamente e co uso das TIC, proposta(s) para a resolución de problemas, para a atención de necesidades ou para a aplicación da mellora do proxecto fundamentándose na investigación da realidade.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• CSIEE</li> <li>• CD</li> </ul>
			<ul style="list-style-type: none"> <li>• MESS B1.6.4. Reflexiona co equipo as leccións aprendidas sobre a mobilidade e sobre os traballos en equipo en proxectos.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• CSC</li> <li>• CAA</li> </ul>
Bloque 2. Espazos para a mobilidade				
<ul style="list-style-type: none"> <li>• a</li> <li>• m</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• B2.1. A ordenación do territorio en Galicia. Espazos protexidos. Patrimonio arquitectónico e natural.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• B2.1. Recoñecer os principais tipos de paisaxes e a súa implicación na ordenación do territorio.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• MESS B2.1.1. Identifica os distintos tipos de configuración territorial (urbana, periurbana e rural), os seus elementos formais e as súas funcións.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• CSC</li> <li>• CAA</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>• a</li> <li>• h</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• B2.2. Espazos públicos.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• B2.2. Coñecer que se entende por espazo público e os elementos que o determinan.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• MESS B2.2.1. Define o espazo público e os elementos que o caracterizan.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• CCL</li> <li>• CSC</li> </ul>





Mobilidade Escolar Sostible e Segura (1º/2º curso da ESO)				
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias
• a • h • l • m	• B2.3. Espazos públicos; funcións e usos; elementos de deseño. Intervencións e habitabilidade e humanización. O espazo público como espazo. O espazo público como dereito.	• B2.3. Identificar os espazos públicos da súa contorna, as funcións para as que están deseñados e que se lles asigna, e a súa interacción; para valorar a súa idoneidade e detectar posibles intervencións.	• MESS B2.3.1. Identifica as funcións e usos dos espazos públicos, en xeral, e da súa contorna, en particular, e os elementos positivos e negativos.	• CCL • CSC
			• MESS B2.3.2. Recoñece os elementos estéticos, ambientais e humanos que debe ter un espazo público e os valores patrimoniais do medio en que vive.	• CCEC • CSC
			• MESS B2.3.3. Mide o uso que fan do espazo público as diferentes persoas usuarias e valora se se responde a todas as demandas.	• CCEC • CSC • CAA
• a • g • h	• B2.4. Espazo público e tránsito. Vía pública: definicións, tipoloxía e morfoloxía. Mobilidade escolar.	• B2.4. Recoñecer os tipos de vías e valorar a forma de tránsito máis axeitada en cada caso atendendo as necesidades do alumnado.	• MESS B2.4.1. Expón a configuración das vías de tránsito no espazo público.	• CCL • CSC
			• MESS B2.4.2. Elabora un itinerario desde un lugar coñecido a outro fóra da súa contorna habitual, describindo o tipo de transporte que se pode empregar, as vías e calcula as magnitudes asociadas (tempo, espazo, custo...).	• CMCCT • CAA
			• MESS B2.4.3. Indaga como se despraza o alumnado para ir ao centro educativo empregando técnicas de investigación social, analiza os resultados e a partir destes elabora itinerarios idóneos.	• CMCCT • CAA
• a • c • d • g • h	• B2.5. Modelos de mobilidade, características. Influencia da configuración do espazo público na mobilidade. Boas prácticas.	• B2.5. Diferenciar distintos patróns de mobilidade e valorar o seu impacto sanitario, económico, social e ambiental, recoñecendo o valor da mobilidade alternativa e as estratexias empregadas para promover mobilidades alternativas (calmado do tráfico, humanización do espazo público, recuperación de espazos...).	• MESS B2.5.1. Toma conciencia sobre o impacto dos distintos patróns de mobilidade e propón modelos respectuosos coas persoas e co medio ambiente.	• CSC • CAA



Mobilidade Escolar Sostible e Segura (1º/2º curso da ESO)				
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias
			<ul style="list-style-type: none"> <li>MESS B2.5.2. Valora a mobilidade a pé e en bici como un dereito das persoas que require da nosa participación activa para que se realice de xeito seguro e sostible.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>CSC</li> <li>CAA</li> </ul>
			<ul style="list-style-type: none"> <li>MESS B2.5.3. Realiza unha exposición na que faga un balance dos factores que determinan que unha persoa opte por un modo de mobilidade ou outro.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>CL</li> <li>CAA</li> </ul>
			<ul style="list-style-type: none"> <li>MESS B2.5.4. Identifica as estratexias de mellora consideradas como boas prácticas e analiza as súas posibilidades de transferencia ao medio en que vive.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>CSIEE</li> <li>CAA</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>e</li> <li>f</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>B2.6. Sistemas de información xeográfica relacionados coa mobilidade, o tránsito e o deseño de rutas. Motivación dos percorridos peóns.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>B2.6. Interpretar fontes de información xeográfica relacionada coa mobilidade e coas infraestruturas e usar as novas ferramentas tecnolóxicas para planificar rutas e deseñar traxectos seguindo criterios relacionados coa morfoloxía urbana (tramas urbanas, trazado dos percorridos, urbanismo arquitectónico...) e valorando os factores que inflúen nas escollas das persoas (humanización, atractivo, frecuentación, diversidade de usos, barreiras arquitectónicas).</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>MESS B2.6.1. Interpreta mapas relacionados coa mobilidade, compara distintos traxectos e determina cal é o idóneo explicando os seus criterios.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>CSIEE</li> <li>CAA</li> </ul>
			<ul style="list-style-type: none"> <li>MESS B2.6.2. Accede a distintos portais de información para traballar os percorridos, extrae información e analiza.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>CCL</li> <li>CD</li> </ul>
			<ul style="list-style-type: none"> <li>MESS B2.6.3. Indaga sobre os factores que inflúen nas escollas das persoas á hora de decidir uns percorridos ou outros.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>CAA</li> <li>CSIEE</li> </ul>
<b>Bloque 3. Principios e roles de mobilidade. Normativa e seguridade</b>				
<ul style="list-style-type: none"> <li>a</li> <li>f</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>B3.1. Principios fundamentais de mobilidade para o uso da vía pública: seguridade, fluidez, funcionalidade, comodidade, economía e non-contaminación.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>B3.1. Coñecer os principios que cómpre seguir como usuarios da vía pública para garantir a mobilidade sustentable, saudable, segura e cívica.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>MESS B3.1.1. Coñece os principios fundamentais de mobilidade sustentable, saudable, segura e cívica e indaga sobre como poñelos en práctica.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>CSC</li> <li>CAA</li> </ul>



Mobilidade Escolar Sostible e Segura (1º/2º curso da ESO)				
Obxectivos	Contidos	Crterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias
• a • c • d	• B3.2. Normativa dos espazos públicos relacionada coa mobilidade. Dereitos e deberes das persoas que o usan. Regulación do uso da vía pública.	• B3.2. Describir a súa contorna escolar e as zonas públicas. Coñecer as normas, as autoridades e as súas funcións, e saber onde informarse en caso de dúbidas, para desenvolver valores cívicos e hábitos de convivencia e programar accións que impliquen ocupación do espazo público.	• MESS B3.2.1. Coñece normas básicas de uso dos espazos públicos e de tránsito do lugar en que reside.	• CSC • CAA
			• MESS B3.2.2. Recoñece a importancia da existencia da normativa para garantir a socialización das normas de convivencia e pon exemplos tirados da vida cotiá.	• CSC • CAA
			• MESS B3.2.3. Deseña unha acción de ocupación da vía pública ao abeiro da normativa vixente.	• CAA • CSIEE
• a • g • h • m	• B3.3. Seguridade viaria: sinistralidade, causas, clases, incidencias e consecuencias. Colectivos vulnerables. Percepción do risco. Propostas de mellora.	• B3.3. Comprender o significado de sinistralidade viaria, as súas causas e clases, a incidencia que ten no noso contorno, as consecuencias que derivan dela e as medidas de prevención que se poden adoptar para a súa prevención.	• MESS B3.3.1. Estuda os elementos que determinan a sinistralidade nas vías e as súas consecuencias, e entende os riscos que poñen en perigo a súa vida e a dos demais.	• CSC • CAA
			• MESS B3.3.2. Entende o sentido das accións reparadoras do dano.	• CSC • CAA
			• MESS B3.3.3. Identifica cunha categorización sinxela as debilidades, as ameazas, as fortalezas e as oportunidades que ofrece o seu territorio para a mobilidade segura, saudable, sustentable e cívica.	• CSIEE • CAA
			• MESS B3.3.4. Realiza unha campaña de concienciación dentro da súa comunidade para denunciar as malas prácticas nos desprazamentos e no uso que se fai da vía pública.	• CSIEE • CAA
			• MESS B3.3.5. Establece percorridos e traxectos nun plano sinxelo do lugar en que vive e valora os traxectos.	• CSIEE • CAA



Mobilidade Escolar Sostible e Segura (1º/2º curso da ESO)				
Obxectivos	Contidos	Critérios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias
• a • g • m	• B3.4. O concepto de atención, concentración e distracción. Diferenza entre distracción e transgresión. Consecuencias das distraccións. Elementos que afectan o nivel de atención.	• B3.4. Identificar os elementos, factores e actitudes que provocan as distraccións (teléfono móbil, auriculares, aparellos táctiles, consumo de alcol e drogas, tabaco, sono, cansazo, preocupacións...), investigar e analizar datos sobre sinistralidade e valorar a responsabilidade persoal.	• MESS B3.4.1. Percibe o risco que implica o uso de distractores en situacións de mobilidade.	• CAA
			• MESS B3.4.2. Experimenta os efectos e as consecuencias que supón para a atención o feito de simultanear varias accións.	• CSC
			• MESS B3.4.3. Coñece os efectos do cansazo, do sono e do consumo de alcol e doutras drogas na saúde e como afectan a diminución da atención.	• CSC
			• MESS B3.4.4. Valora a responsabilidade persoal na incidencia dos factores de transgresión (alcol, drogas) fronte á incidencia doutras causas de distracción (sono, cansazo).	• CSC
			• MESS B3.4.5. Investiga e analiza os datos estatísticos e as consecuencias asociadas a accidentes provocados por distraccións.	• CMCCT
• a • b • h	• B3.5. Seguridade viaria en contornos escolares.	• B3.5. Coñecer os elementos de seguridade viaria aconsellados para a mobilidade no contorno escolar e nas actividades programadas para o alumnado.	• MESS B3.5.1. Identifica as características que definen os contornos escolares no marco da seguridade viaria e valora as medidas de seguridade adoptadas e adoptables no contorno do centro.	• CSC • CSIEE
			• MESS B3.5.2. Establece un protocolo de normas que regulen as saídas extraescolares do alumnado co fin de garantir a súa seguridade e o seu benestar.	• CAA • CSIEE



Mobilidade Escolar Sostible e Segura (1º/2º curso da ESO)				
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias
• a • g • h • l • m	• B3.6. Actuación (obrigatoria) en caso de accidente de mobilidade. A conduta PAS (protexer, avisar e socorrer). Cadea de supervivencia.	• B3.6. Coñecer normas básicas no protocolo de actuación ante un accidente.	• MESS B3.6.1. Realiza simulacros e valora a importancia de atender a tempo e ben en caso de accidente e de estar formados na conduta PAS e na cadea de supervivencia.	• CSC • CSIEE
• a • c • d	• B3.7. Roles de mobilidade do alumnado: peón, ciclista e viaxeiro en transporte privado e colectivo.	• B3.7. Recoñecer o rol e os riscos que asumimos cando nos movemos segundo os elementos empregados: a pé, en bicicleta, en transporte privado e colectivo.	• MESS B3.7.1. Identifica cales son os modos de desprazamento habituais no seu contorno e indaga sobre as súas circunstancias.	• CCL • CSC
			• MESS B3.7.2. Identifica a pirámide de prioridades que se dá no seu contorno e compáraa con modelos respectuosos coas persoas.	• CSC • CAA
			• MESS B3.7.3. Aмосa comprensión cara ás persoas que se manexan con máis dificultade no espazo público.	• CSC
			• MESS B3.7.4. Adapta as técnicas de progresión ou desprazamento aos cambios do medio, priorizando a súa seguridade persoal e colectiva.	• CAA
• a • c • d	• B3.8. Principios fundamentais que deben seguir os peóns. Seguridade dos peóns. Principio da integridade física. Desenvolvemento de actitudes, valores e competencias como peón. Dereitos e deberes no tránsito.	• B3.8. Saber cuestións básicas de tránsito seguro para os peóns, os seus deberes e dereitos e poñer en práctica condutas seguras nos desprazamentos escolares.	• MESS B3.8.1. Analiza os riscos en distintos espazos e vías polas que se move e busca a súa seguridade e o seu benestar.	• CAA • CSC
• a • m	• B3.9. Vantaxes de ir camiñando á escola e a lugares accesibles. Relación entre esta práctica e a saúde.	• B3.9. Identificar os modos sustentables dos desprazamentos, entre eles camiñar e asocialos coa calidade de vida e a saúde.	• MESS B3.9.1. Relaciona hábitos saudables como camiñar coa calidade de vida.	• CAA • CSC
			• MESS B3.9.2. Relaciona hábitos non saudables como o sedentarismo e o consumo de tabaco e de bebidas alcohólicas cos problemas de mobilidade.	• CAA • CSC



Mobilidade Escolar Sostible e Segura (1º/2º curso da ESO)				
Obxectivos	Contidos	Cráterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias
• a • c • d	• B3.10. Principios fundamentais que deben seguir os ciclistas. Normativa para ciclistas: dereitos e deberes. Seguridade dos ciclistas: o casco. Elementos de seguridade na bicicleta. Desenvolvemento de actitudes, valores e competencias como ciclista.	• B3.10. Coñecer normas básicas para o uso seguro da bicicleta no espazo público.	• MESS B3.10.1. Coñece os dereitos que ten cando se move en bicicleta e as condutas e hábitos recomendables.	• CAA • CSC
			• MESS B3.10.2. Realiza simulacións para exemplificar as manobras que se deben utilizar nos desprazamentos en bicicleta.	• CAA • CSC
• a • m	• B3.11. Vantaxes de ir en bicicleta á escola e a outros lugares accesibles, para a saúde e para o ambiente. Outros medios de transporte escolar (patíns e patinetes).	• B3.11. Saber as vantaxes que nos ofrece o uso da bicicleta, a nivel de saúde persoal e ambiental.	• MESS B3.11.1. Valora os beneficios de usar a bicicleta como medio de desprazamento.	• CAA • CSC
• a	• B3.12. Tipos de medios de transporte públicos e privados. Localización e accesibilidade.	• B3.12. Recoñecer os tipos de transporte e valorar a importancia dos medios de transporte públicos para a mobilidade.	• MESS B3.12.1. Reflexiona sobre os medios de transporte existentes e as súas vantaxes e inconvenientes respecto da seguridade e sustentabilidade.	• CCL • CSC
• a • e • g • h	• B3.13. Principios fundamentais que deben seguir os/as viaxeiros/as. Normativa para quen viaxa en transportes públicos e privados: dereitos e deberes. Seguridade das persoas que viaxan segundo o medio de transporte empregado. Desenvolvemento de actitudes, valores e competencias como viaxeiro.	• B3.13. Actúa con responsabilidade no exercicio dos seus percorridos cumprindo as medidas de seguridade.	• MESS B3.13.1. Xustifica a idoneidade dos principais elementos de seguridade nos medios de transporte.	• CCL • CSC
			• MESS B3.13.2. Simula ou practica distintas medidas de protección para a realización de traxectos como viaxeiro coa axuda de supostos prácticos colaborativos.	• CSIEE • CAA
			• MESS B3.13.3. Investiga cales son os puntos fortes e débiles (DAFO) nos desprazamentos que realiza a miúdo como viaxeiro.	• CSIEE • CAA
• a • g • m	• B3.14. Vantaxes e limitacións de uso do transporte público, estimación de tempos, custos económicos e custos sociais (contaminación...).	• B3.14. Saber as vantaxes e limitacións que nos ofrece o uso do transporte público respecto da sustentabilidade.	• MESS B3.14.1. Valora as vantaxes e limitacións de uso do transporte público e as novas formas de compartir vehículos.	• CSC